

## COMEDOR

Comezará as dúas da tarde. Aproximadamente os nenos/as acabarán de comer as 2,30. Serán vixiados dentro do comedor por un auxiliar e un monitor contratadas polo Concello. O comedor rematará as 4 da tarde que será cando darán comezo as actividades extraescolares O precio posto polo concello foi de 80 € ó mes, e para os alumnos/as de días soltos de 5€ diarios.

Este ano, teremos os almozos que comezarán as 7,30 da mañá. Os nenos estarán vixiados dende as 7,30 ata as 9. Poderá ser con almorzo ( 45€ ) ou sen el ( 34€ ).

CEIP AS MERCEDES

Tífn: 982 22 39 10

Fax: 982 87 21 47

E-mail: [ceip.dasmercedes@edu.xunta.es](mailto:ceip.dasmercedes@edu.xunta.es)

Páxina web:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdasmercedes/>



**O CEIP “AS MERCEDES” desexa un bo curso 2012-2 013 a toda a comunidade educativa.**

## **GUIA ESCOLAR**

**CEIP**

**“AS  
MERCEDES”**

**2012- 2013**

## **ASISTENCIA E PUNTUALIDADE**

**O primeiro deber dun alumno/a é asistir á clase con puntualidade e cumprir e respecta-los horarios.**

Calquera falta de asistencia debe ser comunicada ó/á profesor/a - titor/a o antes posible por calquera medio que teña ó alcance ( personalmente, por teléfono, unha nota asinada...) e xustificada mediante a cumprimentación do correspondente impreso .

O/A alumno/a só poderá abandona-lo centro en horario escolar co permiso do director, profesor titor/a ou profesor/a da materia que esté dando nese momento e sempre acompañado do pai/nai ou persoa expresa e debidamente autorizada por eles, logo de asina-la solicitude de ausencia no correspondente impreso.

### ***DATAS DE ENTREVISTAS CO PROFESORADO***

Tódolos martes de 4 a 5 da tarde, os pais/nais ou titores/as legais poderán entrevistarse cos titores/as ou cos profesores/as doutras especialidades, para obter información sobre a evolución dos seus fillos/as ou por calquer outra circunstancia, debendo comunicalo coa debida antelación.

### ***CALENDARJO ESCOLAR PARA O CURSO 2012-2013***

- 1- **As vacacións de Nadal** abranguarán dende o día 22 de Decembro de 2012 ata o día 7 de xaneiro de 2013, amolos dous inclusive.
- 2- **As vacacións de Semana Santa** abranguarán dende o día 23 de marzo ata o día 1 de abril de 2013, amolos dous inclusive.

### ***DÍAS NON LECTIVOS***

Ademais dos días festivos declarados a nivel estatal, autonómico e local no calendario laboral, considéranse días non lectivos para efectos académicos:

- ❖ **5 de outubro** : Día de San Froilán
- ❖ **2 de novembro** de 2011 : Día do ensino
- ❖ **11, 12 e 13 de febreiro** de 2013: Luns e martes de entroido, e mércores de cinza.
- ❖ **20 de maio** de 2013: Día de libre elección nos centros de Lugo (aínda sen confirmar pola Delegación )

### ***PROTECCIÓN DA IMAXE DO MENOR***

O alumnado menor de 18 anos ten a protección que lle proporciona a legislación vixente, artigos 8 e 47 da Lei 3/1997 do 9 de xuño que regula a protección da propia imaxe. Por iso os pais que **non desexen** que os seus fillos/as sexan **fotografiados ou gravados** en video deberán avisar aos titores/as.

Se non se recibe comunicación, farase como é costume.

### ***DATA DE ENTREGA DE CALIFICACIÓNS***

- ✚ 1ª Avaliación.....20 de Decembro de 2012
- ✚ 2ª Avaliación.....21 de marzo de 2013
- ✚ 3ª Avaliación.....21 de Xuño de 2013

### ***HORARIO***

Este ano o horario o longo de todo o curso é de 9 a 14 H.

### ***ORIENTACIÓN***

O equipo de orientación está formado polos coordinadores dos ciclos, as profesoras de PT e a profesora de Audición e Linguaxe. A xefatura do departamento e coordinación do mesmo corresponde, dende o curso 2007/08, a orientadora **Dna. Montserrat Recondo Burgo**.

### ***ANPA***

De luns a venres de 9 a 9,30 horas no local do comedor.